



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR HERMANOS QUIROGA
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS
DATA: 11/05/2020



ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Distinguir diferentes formas de organización administrativa: barrio, localidade, municipio, sinalando algunhas funcións do municipio e das Administracións locais.	Explica que é unha localidade e mostra a súa estrutura.
Distinguir diferentes formas de organización social, e comprender algunha das tarefas elementais e relacións que se establecen entre os membros dunha localidade.	Identifica a organización social da súa comunidade.
Comprender o significado dos sinais de tráfico e elementos viarios máis habituais, e valorar a importancia da mobilidade na vida cotiá.	Coñece e explica de maneira oral e escrita os sinais de tráfico.
Identificar as actividades que pertencen ao sector primario, secundario e terciario.	Identifica as profesións máis comúns do sector primario, secundario e terciario.
Explicar as diferenzas entre materias primas e produtos elaborados, e identificar as actividades que se realizan para obtelos.	Identifica materias primas e produtos elaborados e as actividades nas que se obteñen.
Explicar que é unha paisaxe de montaña e os principais elementos que a compoñen.	Define paisaxe de interior e identifica os elementos principais e algunhas das súas características morfolóxicas.
Identificar os elementos principais da paisaxe de costa.	Identifica os elementos da paisaxe de costa e as súas características.
Explicar a hidrosfera.	Describe a hidrosfera e identifica os seus principais elementos: auga doce e salgada.
Recoñecer a auga como elemento natural, as súas características, propiedades e procesos.	Identifica o ciclo da auga con axuda de esquemas e describe ordenadamente as fases.
Coñecer e identificar os estados da auga.	Explica os diferentes estados da auga e as condicións que os producen.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Envío dun boletín de actividades aos alumnos onde poden atopar os exercicios e recursos interactivos de apoio.
Cualificación final	A cualificación final obterase a partir da media das cualificacións do primeiro e segundo trimestre. Se o alumnado fai todo o traballo da materia proposto, a nota final poderá subir ata un punto.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	A proposta de actividades é a seguinte: - Identificar e localizar un barrio, localidade, municipio... - Localizar e recoñecer a organización social dunha localidade. - Coñecer e identificar sinais de tráfico. - Identificar as profesións máis comúns dos diferentes sectores. - Distinguir materias primas e produtos elaborados. - Identificar as actividades que se realizan para obtelos. - Coñecer os estados da auga. - Describir o ciclo da auga. - Debuxar o percorrido que a auga segue durante o ciclo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Moitas das actividades propostas realízanse en papel. Todo o alumnado ten libretas para copialas e facelas. Algunhas son actividades para facer pola casa con recursos caseiros. Outras son actividades interactivas de reforzo para facer no ordenador, tablet ou teléfono.
Materiais e recursos	As actividades propostas realízanse en papel e con recursos caseiros. Tamén hai actividades interactivas de reforzo para ordenador, tablet ou teléfono.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias e publicidade	O alumnado será informado a través do medio que cada familia decidiu e contando sempre con todos os permisos oportunos. Este medio pode ser e-mail ou whatsapp. Dende o centro se publicitará toda a información referente ao terceiro trimestre por diversos medios así como por notificacións a través do sistema de ABALAR MÓBIL. En moitos casos o titor contactará directaente coas familias para comunicarlles a información que considere oportuna en fución da situación académica do seu fillo, esta comunicación será por correo electrónico ou a través de chamadas telefónicas.